

PLAN DIXITAL

CPR BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome:	CPR BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS
Código do Centro:	27011718
CIF:	G-27202555
Localidade:	Sober (Lugo)
Enderezo:	Pazo de Rivas, 66 (Rosende)
Código Postal:	27466
Teléfono:	982460469
Mail:	cpr.belarmino@edu.xunta.gal
Páxina web:	https://fundacionbelarminofernandez.com/
Etapas educativas:	Ciclos Formativos: Grao Medio: Cociña e gastronomía (1º e 2º curso) Servizos en restauración (1º e 2º curso) Grao Superior: Vitivinicultura (1º e 2º curso)
Número de alumnado:	No curso 2021-2022 estiveron matriculados 70 alumnos/as.
Nº de profesorado:	11 docentes
Equipo directivo:	Directora (Dna. Rebeca Vázquez Iglesias) Xefe de estudos (D. David Cidre Guitián)

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas e culturais do contexto do Centro
O CPR Belarmino Fernández Iglesias é un centro privado concertado gratuito situado no sur da provincia de Lugo, encadrándose na comarca de Lemos. Esta comarca está integrada polos concellos de Monforte de Lemos, Bóveda, O Saviñao, Sober, Pantón e A Pobra de Brollón, de onde proceden a meirande parte do noso alumnado.
Ao atoparnos en plena Ribeira Sacra debemos destacar que o noso alumnado procede do rural e que a maioría das empresas nesta zona están relacionadas coa agricultura e co sector servizos. Tamén cómpre sinalar que as conexión de internet no rural distan moito das urbanas o que fai máis difícil acadar unha maior dixitalización.
- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.
O plan dixital do CPR Belarmino Fernández Iglesias é un instrumento de planificación e integración para desenvolver a competencia en materia do uso das novas tecnoloxías e acadar un proceso de ensinanza-aprendizaxe máis acorde á situación global que estamos a vivir, fomentando unha aprendizaxe máis autónoma do noso alumnado e facendo das TICs un recurso metodolóxico máis que axude ao profesorado a levar a cabo as súas

funcións dun xeito máis acorde cos retos da sociedade actual, polo tanto é un proxecto que abrangue a toda a comunidade educativa e polo tanto debe formar parte da programación do plan xeral anual para o curso 2022-2023, onde se implantará por primeira vez e será revisado de forma anual para trata de acadar unha maior competitividade a nivel tecnolóxico.

Este plan vainos axudar, ademais, a acadar un dos obxectivos que nos marcamos para levar a cabo un novo proxecto educativo enmarcado dentro do Programa Erasmus+ xa que tentaremos de utilizar diversos recursos tecnolóxicos para fomentar o intercambio de coñecementos do noso alumnado, coñecemento doutras culturas, así como mellorar as súas competencias lingüísticas.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos deben estar en cambio permanente para fomentar o acceso a un mercado laboral cambiante, hoxe en día, máis dixitalizado, motivo polo cal é imprescindible que se traten de mellorar as competencias dixitais do noso alumnado pero tamén é preciso que os docentes adquiren un certo nivel no manexo das novas tecnoloxías para poder levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo a implementación dun plan dixital faise necesaria e imprescindible para deseñar e emprender un proceso de transformación do noso Centro para convertermos nunha organización dixitalmente competente.

Para poder desenvolver e implementar o Plan Dixital baseámonos na seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*
- *Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación sobre a actualización do marco de referencia da competencia dixital docente (BOE 16-05-2022)*
- *Marco Europeo para Organizacións educativas dixitalmente competentes (DigCompOrg) do Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre)*

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital do noso Centro lévase a cabo pola dirección do Centro co apoio dos docentes.

Unha vez dados de alta no programa SELFIE, o alumnado, o equipo directivo e o profesorado cubriron as enquisas que foron pasadas na primeira avaliación e que tiveron que repetirse a comezos da segunda avaliación.

Tendo en conta os resultados acadados no SELFIE, os resultados reflectidos no TestCDD e co coñecemento directo que temos do Centro fomos quen de realizar a análise DAFO. Ademais, neste proceso á hora de propor as Debilidades, Fortalezas, Ameazas e Oportunidades tivéronse moi en conta as opinión dos docentes do Centro.

Asemade, para trazar o Plan de Acción consecuencia da Debilidades e Fortalezas detectadas na análise DAFO a dirección tivo en conta a opinión de tódolos docentes do Centro.

Por iso podemos dicir que o Equipo de Dinamización do Plan Dixital no CPR Belarmino Fernández Iglesias está encabezado pola directora, pero nel están involucrados a meirande parte dos docentes.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos

O CPR Belarmino Fernández Iglesias ate hoxe dispón dunha conexión de voz por cable e a internet mediante ADSL a 30 megas nas instalacións onde se imparten as ensinanzas da familia profesional de Hostalería e Turismo e unha conexión Wimax S 20/5 nas instalacións onde se imparte o Ciclo Superior de Vitivinicultura. Este ano 2022 o concello instalou fibra óptica e o Centro está pendente de realizar este cambio para deste xeito mellorar a calidade de conexión a internet.

En todo o Centro a conexión a internet é libre e o alumnado pode conectarse á mesma.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos

O Centro dispón dun aula de informática que conta con 11 ordenadores de sobremesa (bastante obsoletos) conectados por cable Ethernet. Estes dispositivos son empregados polo alumnado, pero tamén poden ser empregados polos docentes se o consideran oportuno. Ademais, en dúas aulas hai ordenadores de sobremesa para o uso do profesorado con conexión wifi. Ademais na entrada ao Centro hay un mini pc con conexión wifi que empregamos para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas).

Dende o Centro foméntase o modelo Bring your Own Device (BYOD traiga o seu propio dispositivo) tal e como se recolle no Marco Europeo para Organizacións Competentes (DigComOrg) para toda a comunidade educativa, tanto profesorado como alumnado.

O Centro conta con 3 proxectores que son utilizados polos docentes nas súas clases, así como un altafalante bluetooth con asistencia por voz (tipo Alexa) á disposición do profesorado para poder empregar nas clases.

- Servizos dixitais educativos

O CPR dispón dunha páxina web (<https://fundacionbelarminofernandez.com/>), así como de redes sociais:

Facebook: <https://www.facebook.com/fundacionbelarminofdez>

Twitter: <https://twitter.com/CPRBbelarminoFdz/>

Instagram: <https://www.instagram.com/fundacionbelarminofdez/>

Asemade conta cunha aula virtual (Edmodo) e con Abalarmóbil.

Tanto a páxina web como as RRSS son empregadas para comunicarnos coa comunidade educativa, así como con outras persoas alleas á mesma. A aula virtual emprégase como complemento ás ensinanzas presenciais que se imparten no Centro así como medio de interacción co alumnado que está no estranxerio grazas aos programas Erasmus+ e o espazo Abalar úsase para comunicarnos co alumnado e coas súas familias. O correo electrónico tamén se emprega como medio de comunicación entre alumnado, profesorado e familias.

- Xestión do mantemento do equipamento do Centro

O mantemento do equipamento do Centro é realizado polo propio profesorado, tendo unha persoa allea que nos axuda cando nós non somos quen de arranxar os problemas.

- Enlaces a protocolos do Centro relacionados coas TIC

Na actualidade non hai plantexado como tal un plan de continxencia relacionado coas TIC.

Na seguinte táboa recóllese o citado

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital	Estado actual
Administración	Voz por cable, internet por conexión wifi.	Ordenador portátil persoal propiedade da directora para todo tipo de trámites	Última xeración
Entrada	Conexión wifi	Mini pc para accións formativas do Plan formativo para o emprego (Persoas traballadoras desempregadas)	Última xeración
Auditorio	Conexión wifi	Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones tablets	ADSL
Aula 2, Cociña, Sala, Comedor	Conexión wifi	Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets	ADSL

<i>Aula de Informática</i>	<i>Internet por cable ethernet</i>	<i>11 ordenadores de sobremesa</i>	<i>Ordenadores de sobremesa obsoletos</i>
<i>Laboratorio</i>	<i>Conexión wifi</i>	<i>Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets</i>	<i>Wimax S20/5</i>
<i>Aula 1</i>	<i>Conexión wifi mediante adaptador usb e o resto conexión wifi</i>	<i>1 ordenador de sobremesa e ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets, ...</i>	<i>Ordenador de sobremesa obsoleto</i>
<i>Aula de Viticultura</i>	<i>Conexión wifi mediante adaptador usb e o resto conexión wifi</i>	<i>1 ordenador de sobremesa e ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets, ...</i>	<i>Ordenador de sobremesa obsoleto e Wimax S20/5</i>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Incluimos no cadro a continuación a información do **resumo das medias obtidas nas seguintes áreas** do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanza FP
A -Liderado	Equipo Direct.	4,0
	Profesorado	3,0
	Alumnado	---
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,4
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	4,4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,4
	Profesorado	3,6
	Alumnado	---
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	4,2
	Alumnado	4,3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,8
	Alumnado	3,5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,3
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,5

Test CDD:

Nas seguintes táboas incluimos a información extraída do Test CDD que cumprimentaron os docentes do Centro:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
LS1 - Substituto	1	1	100%
L01 - Laboral	9	11	81,8%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
64,5	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD no CPR Belarmino Fernández Iglesias foi de 64,5 sobre 192, polo tanto obtivemos un nivel Explorador/a (A2).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	66,3	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Na etapa de CF, a puntuación media no TestCDD no CPR Belarmino Fernández Iglesias foi de 66,3 sobre 192, polo tanto obtivemos un nivel Integrador/a (B1).

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>10%</u>
A2	<u>4</u>	<u>40%</u>
B1	<u>5</u>	<u>50%</u>
B2	<u>1</u>	<u>10%</u>
C1		
C2		
TOTAL		

Dos 11 docentes do CPR Belarmino Fernández Iglesias que participaron no testCDD obtivemos os seguintes resultados:

- 1 ten un nivel de competencia dixital Principiante (A1), é dicir, o 10,0%.
- 4 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 40,0%.
- 5 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir o 50,0%.
- 1 ten un nivel de experto/a (B2), é dicir o 10%.

Outras fontes: Para a análise DAFO empregamos tamén o coñecemento directo que o equipo directivo e os docentes temos do noso Centro (xa que o CPR Belarmino Fernández Iglesias é un Centro pequeniño) e ademáis tivemos en conta o recollido no Marco Europeo para Organizacións educativas dixitalmente competentes (DigCompOrg).

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, test TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. Acceso a ordenadores con conexión a internet con software libre tanto para profesorado como para alumnado	C1. Non hai suficiente infraestrutura dixital (dispositivos portátiles, pantallas dixitais) C2. Implementación de

		<p>C3. Acceso a internet en todo o centro e con proxectores C8. Disponibilidade de ordenadores de sobremesa a disposición de toda a comunidade educativa</p>	<p>equipamento para docencia que se está empregando na actualidade nos sectores das ensinanzas que impartimos (TPV's, PDA's, ...) C3. Posibles fallos de conexión wifi C4. Non contar coa asistencia técnica inmediata C8. Obsolescencia dos ordenadores</p>
	<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>A3. Infórmase ao profesorado dos cursos de reciclaxe que poden realizar para favorecer as súas competencias dixitais B3. Videoconferencias con outras empresas e institucións para fomentar a aprendizaxe E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</p>	<p>A3. Falta de motivación dalgunha parte do profesorado para mellorar as súas competencias dixitais A3. Falta de formación para a reciclaxe dos docentes para o uso das NNTT relacionadas coas profesións que se imparten (códigos QR, manexo de PDA's, ...) B2. Falta de debate en profundidade do uso das tecnoloxías dixitais para a ensinanza E2. Creación e posta en común de recursos dixitais creados polos docentes E4. Emprego de tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa F1, F3 y F4. Incremento do uso de tecnoloxías dixitais para adaptalas ás necesidades de cada alumno/a, fomentar a súa creatividade e a súa motivación G1, G3 y G5. Incremento do uso das tecnoloxías dixitais para avaliar debilidades, retroalimentación e reflexión sobre a aprendizaxe do alumnado</p>

PERSOAL NON DOCENTE			
ALUMNADO		<p>C8. Disponibilidade de ordenadores de sobremesa para o alumnado</p> <p>C13. Permítese ao alumnado que traian os seus propios dispositivos portátiles e os poidan utilizar nas clases. Tamén se permite o uso do teléfono móbil</p> <p>H12. Utilízase a tecnoloxía para traballar os contidos impartidos nos módulos</p>	<p>C8. Obsolescencia dos ordenadores</p> <p>H1 y H3. Fomentar o comportamento seguro, responsable e respetuosos demáis ao traballar con internet</p>
FAMILIAS			
OFERTA			<p>A3. Uso no comedor do Centro de equipamento que se está empregando na actualidade nos sectores das ensinanzas que impartimos (TPV's, PDA's, ...)</p>
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>A. Contamos con plataforma dixital de código aberto e gratuita para a ensinanza (EDMODO)</p> <p>A1. Emprego de RRSS e web para comunicar noticias de interés a toda a comunidade educativa</p>	<p>A. Dificultade para realizar cursos online das diferentes administracións xa que traballan con outras plataformas, habitualmente moodle</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C16. Emprego dos repositorios, materiais e aplicacións que a Administración pon a nosa disposición para usar nas nosas clases	C1. Falta de fondos por parte da Administración que axuden á renovación e uso TICs
	LEXISLACIÓN	C5. Cumprimento da LPD	
	CONTORNA	-	-
	ANPA	C3. Colocación ou conexión a internet mediante fibra óptica inmediata	
	OUTRAS ENTIDADES	B3. Videoconferencias con outras empresas e institucións para fomentar a aprendizaxe e reforzar contidos B4. Colaboración entre centros socios nos programas Erasmus+ para favorecer o intercambio de experiencias educativas C17. Uso de RRSS e páxina web para comunicar ofertas de emprego e actualización continua da bolsa de traballo D3. Intercambio de experiencias con outros Centros, empresas, ... en relación co proxecto Erasmus+	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Centro fai unha forte aposta pola dixitalización, por iso todas as ameazas e debilidades reflectidas no DAFO foron trasladados aos obxectivos a acadar indicados no Plan de Acción do Centro para o curso 2022-2023.

A continuación presentamos as táboas para cada obxectivo do Plan de Acción.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Infraestructura 68						
1. OBXECTIVO (1):	O1. Conseguir mellor calidade de conexión a internet (C. Infraestructuras e equipos-C1. Infraestruturura)				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Mellora da velocidade de conexión a internet					
Valor de partida (3)	ADSL a 30 megas					
Valor previsto e data (4)	Fibra óptica (a)simétrica a 100 megas			31/07/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Contactar con compañías tecnolóxicas para o cambio á fibra óptica	Directora	31/07/2023	Recursos económicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (17., 19. e 20.) e Desarrollo profesional (29., 30., 31. e 33.)

2. OBXECTIVO (1):	O2: Mellorar o nivel de competencias dixitais do profesorado (D. Desenvolvemento Profesional Continuo-D1. Necesidades de DPC, D2. Participación no DPC, D3. Intercambio de experiencias, D4. Oportunidades de DPC; E. Pegadoxía: apoios e recursos-E1. Recursos educativos en liña, E2. Creación de recursos dixitais, E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe, E4. Comunicación coa comunidade educativa)			Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de estudos			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Calificacións obtidas despois de cumprimentar novamente o test CDD ao rematar as accións a desenvolver				
Valor de partida (3)	Actual nivel de competencia medio do profesorado do Centro segundo o test CDD: A2				
Valor previsto e data (4)	Acadar un nivel de competencia medio do profesorado do Centro segundo o test CDD: B1			31/07/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Debatir sobre o uso das TICs	Xefe de estudos	30/09/2022	Convocatoria de reunión		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Informar trimestralmente sobre accións formativas do uso de plataformas e	Xefe de estudos	30/06/2023	Mails		Realizada
					Aprazada
					Pendente

recursos dixitais						
AO2.3: Participar na formación continua do profesorado para a mellora das súas competencias dixitais	Xefe de estudos e profesorado	31/07/2023	Cursos online e presenciais sobre temas dixitais			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO2.4: Implantar recursos dixitais como parte da docencia (scape rooms, kahoots, ...)	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de Vitivinicultura	10/06/2023 (periodicidade trimestral)	Tablets, Smartphone, ordenadores, ...			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO2.5: Por en común os recursos dixitais utilizados e creados por parte do profesorado	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de Vitivinicultura	10/06/2023 (periodicidade trimestral)	Reunións periódicas			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO2.6: Crear códigos QR para a visualización dos menús no comedor	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos	31/05/2023	Tablets, Smartphone, ...			Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO2.7: Comunicarse coa comunidade educativa empregando	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de	31/07/2023	Tablets, Smartphone, ...			Realizada
						Aprazada
						Pendente

<p>diferentes plataformas como</p>	<p>Vitivinicultura</p>						
<p>AO2.8: Crear enquisas de satisfacción para avaliar a aprendizaxe do alumnado, as instalacións, ..., empregando plataformas como google forms</p>	<p>Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de Vitivinicultura</p>	<p>10/06/2023 (periodicidade trimestral)</p>	<p>Estatísticas aportadas polas plataformas onde se poida ver a evolución do alumnado</p>		<p>Realizada</p>		
						<p>Aprazada</p>	
						<p>Pendente</p>	

“Área/s de mellora”: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (18.)						
3. OBXECTIVO (1):	Fomentar o comportamento seguro e respectuoso do alumnado en internet (H. Competencias dixitais do alumnado-H1. Comportamento seguro, H3. Comportamento responsable, H4. Verificar a calidade da información)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cuestionarios dixitais onde se valore (do 1 o 10) a interiorización dos contidos trala charla					
Valor de partida (3)	0 Charlas coa unidade de delitos telemáticos da policía ou garda civil					
Valor previsto e data (4)	1 Charla coa unidade de delitos telemáticos da policía ou garda civil			31/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Recibir charlas informativas	Xefe de estudos	31/05/2023	Pizarras, ordenador, proxector		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Complimentar os cuestionarios dixitais para valorar a interiorización dos contidos por parte do alumnado empregando plataformas dixitais	Xefe de estudos	31/05/2023	Plataformas dixitais, ordenadores, tablets, ...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (17. e 19.)							
4. OBXECTIVO (1):	O4: Mellorar o nivel de competencias dixitais do alumnado (E. Pegadoxía: apoios e recursos- E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe; F. Pedagogía: Implementación na aula-F3. Fomento da creatividade, F4. Implicación do alumnado, F5. Colaboración do alumnado; E. Pegadoxía: apoios e recursos-E3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe, E4. Comunicación coa comunidade educativa)					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Valorando numéricamente ao finalizar o curso o emprego dos recursos dixitais por parte do alumnado.						
Valor de partida (3)	Cuestionario inicial entregado ao alumnado ao comezo de curso para determinar o coñecemento dos recursos dixitais.						
Valor previsto e data (4)	Acadar un nivel de competencia dos recursos dixitais superior ao conseguido ao inicio do curso, agás aquel alumnado que obtivera a nota máxima no cuestionario inicial (valoración de 0-10).				22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A04.1: Empregar recursos dixitais como parte da aprendizaxe	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de Vitivinicultura	22/06/2023 (periodicidade trimestral)	Tablets, Smartphone, ordenadores, ...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: Comunicarse coa comunidade educativa empregando diferentes plataformas como	Xefe de estudos Departamento de Cociña Departamento de Servizos Departamento de Vitivinicultura	22/06/2023	Tablets, Smartphone, ...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

<p>webex, zoom, skype, ...</p>					
---	--	--	--	--	--

“Área/s de mellora”: Infraestruturas (73.)						
5. OBXECTIVO (1):	O5: Modernización dos dispositivos dixitais para o aprendizaxe. (C. Infraestruturas e equipos-C2. Dispositivos dixitais para a ensinanza, C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe, C10. Dispositivos propiedade do Centro para alumnos/as)				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Renovación dos ordenadores de sobremesa propiedade do Centro.					
Valor de partida (3)	Inventario dos equipos obsoletos existentes na actualidade no Centro (13 equipos).					
Valor previsto e data (4)	Acadar un nivel de renovación dos equipos de alomenos o 50%.			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Planificación de adquisición de dispositivos dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe	Directora	22/06/2023	Subvencións das Administracións Públicas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tal e como indicamos en apartados anteriores, o noso Centro fomenta o modelo Bring your Own Device (BYOD traiga o seu propio dispositivo) tal e como se recolle no Marco Europeo para Organizacións Competentes (DigComOrg)) para toda a comunidade educativa. Aínda así, dispón dunha aula informática equipada con dispositivos informáticos bastante obsoletos, por iso consideramos necesario que sexan substituídos por equipamento máis moderno. Para iso estaremos atentos e solicitaremos todas aquelas axudas ou subvencións que a Administración convoque para tal fin.

Ademais consideramos que dende a Administración tamén se nos podería dar acceso a servizos dixitais educativos que faciliten a xestión docente como a aula virtual Moodle, xa que isto facilitaría tamén a aprendizaxe dos nosos profesores cando accede a cursos de formación xa que, si son online, se imparten empregando esta plataforma.

Na seguinte táboa reflíctese as necesidades que deben ser atendidas tendo en conta o recollido na táboa da sección 2.1.

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital	Estado actual	Necesidades futuras
Administración	Voz por cable, internet por conexión wifi.	Ordenador portátil persoal propiedade da directora para todo tipo de trámites	Última xeración	Fibra óptica
Entrada	Conexión wifi	Mini pc para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (Persoas traballadoras desempregadas)	Última xeración	Fibra óptica
Auditorio	Conexión wifi	Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones tablets	ADSL	Fibra óptica
Aula 2, Cociña, Sala, Comedor	Conexión wifi	Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets	ADSL	Fibra óptica
Aula de Informática	Internet por cable ethernet	11 ordenadores de sobremesa	Ordenadores de sobremesa obsoletos	Fibra óptica e renovación dos ordenadores de sobremesa obsoletos

Laboratorio	Conexión wifi	Ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets	Wimax S20/5	Wimax S20/5
Aula 1	Conexión wifi mediante adaptador usb e o resto conexión wifi	1 ordenador de sobremesa e ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets, ...	Ordenador de sobremesa obsoleto	Fibra óptica e renovación do ordenador de sobremesa obsoleto
Aula de Viticultura	Conexión wifi mediante adaptador usb e o resto conexión wifi	1 ordenador de sobremesa e ordenadores persoais de profesorado e/ou alumnado, smartphones, tablets, ...	Ordenador de sobremesa obsoleto e Wimax S20/5	Renovación do ordenador de sobremesa obsoleto

4. Avaliación do plan

Unha vez aprobado o plan pola comunidade educativa e implantado, levaranse a cabo dous tipos de avaliación para verificar que os obxectivos marcados no apartado anterior foron cumpridos:

- No caso do alumnado e de ter novos docentes, farase unha avaliación inicial sobre o coñecemento e uso dos recursos dixitais.
- Levarase a cabo unha avaliación continua do plan cada trimestre do curso 2022-2023 onde se irá comprobando que as accións e os procesos propostos estanse a realizar nas datas marcadas previamente e no caso de non ser así será preciso realizar variacións que permitan que as propostas de mellora se materialicen.
- Ao finalizar o curso escolar farase unha avaliación final onde se poderá comprobar que os obxectivos foron acadados e no caso de non ser así tratarase de buscar unha nova solución para seguir acadando máis logros a nivel dixitais nos seguintes cursos. Para facer esta avaliación volveranse a realizar as enquisas dentro do programa SELFIE o que nos permitirá tamén verificar se houbo avances no caso das propias competencias dixitais do profesorado sempre e cando sexa a cualificación superior á obtida con anterioridade, valorarase tanto a nivel xeral do centro como individual.

5. Difusión do plan

Antes do trinta e un de xullo de 2022 o plan dixital do Centro será presentado á comunidade educativa e será aprobado polo consello escolar.

Este plan será difundido a través do correo electrónico entre o profesorado, pero tamén estará a disposición de toda a comunidade educativa e de todas aquelas persoas que o queiran consultar na web do centro <http://www.fundacionbelarminofernandez.com>

Ademais, cada docente incluírá en cada módulo da aula virtual unha carpeta que se denominará Plan dixital, onde incluírá un arquivo con este plan e na que se poderán colgar recursos, enquisas ou todo o que consideremos necesario para poder levar adiante a dixitalización do alumnado.